

*PROXECTO COLECTIVO FINANCIADO POLO FONDO EUROPEO MARÍTIMO DA PESCA E DA ACUICULTURA
(FEMPA)- Entidade beneficiaria: CONFRARIA DE PESCADORES DE MUROS
Denominación do proxecto: PROXECTO DE XESTIÓN DOS RECURSOS MARISQUEIROS*

Período do proxecto
07/07/2025 ao 30/06/2026

Axuda concedida
118.399,47 €

Este proxecto pretende cubrir as necesidades da Confraría de Pescadores de Muros derivadas da xestión dunha serie de bancos marisqueiros e recursos específicos, xestionados a través dos diferentes plans de explotación que presenta, tanto de xeito individual como conxuntamente con outras confrarías.

Neste ano 2025 están aprobados un total de 8 plans de xestión: 2 en zonas de autorización, 4 de recursos específicos que inclúen todos os bancos do ámbito territorial da confraría e 2 conxuntos con outras confrarías.

A xestión dos bancos marisqueiros, e dos plans é realizada por o patrón maior, directivas das agrupacións dos distintos sectores e asistencia técnica contratada por esta confraría, así como por catro vixilantes que se encargan do control e da loita contra o furtivismo e contaminación.

Para a correcta xestión dos diferentes recursos e necesario contar con datos precisos e fiables así coma un correcto control de acceso a estes recursos. Para poder realizar esta labor e necesario contar con persoal cualificado, a través deste proxecto preténdese contratar a unha asistencia técnica para o seguimento biolóxico e a 4 vixilantes para as labores de vixilancia e acceso ao recurso.

Durante estes anos realizaranse diferentes accións encamiñadas a mellora dos bancos marisqueiros, centrados nas praias da Virxen e de Abelleira (zonas de autorización) e bancos que se atopan en libre marisqueo sometidos a plans de xestión tanto a pé como a flote.

De acordo cos datos obtidos nas mostraxes e evolución das capturas podrase establecer un seguimento do estado das poboacións explotadas e determinar as medidas a tomar para a optimización da produción como son a preparación do terreo a través da remoción do substrato, os traslados de zonas de maior densidade a outras con menor recrutamento e maior crecemento, limpeza tanto de elementos antropógeno coma de orixe natural, sementeiras, eliminación depredadores, rotación de zonas ou especies explotadas, vedas de bancos ou especies, aumento de tallas de extracción para venda,....

Loita contra a contaminación, nas xornadas de traballo, os mariscadores recollen a basura que atopan para levalas para os contenedores determinados. Membros da agrupación de mariscadoras/es a pé, participan no proxecto "Mar limpo" con xornadas activas de recollida de lixo mariño.